

7º A RESOLUCIÓN: A resolución do Xurado, que se comunicará con antelación ós gañadores, farase pública no mes de decembro.

8º ENTREGA DE PREMIOS: Os premios serán entregados no transcurso dun acto que se anunciará oportunamente.

9º PROPIEDAD DOS TRABALLOS: Os contos premiados quedarán a disposición do Concello de Lugo, que poderá publicalos ou facer o uso deles que estime conveniente.

10º DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS NON PREMIADOS: Os contos non premiados poderán ser retirados ata o 31 de decembro 2018.

11º ACEPTACIÓN DAS BASES: A participación no Certame supón a aceptación total das súas bases e a decisión do Xurado.

Para solicitar as bases ou maior información poden dirixirse á Área de Educación do Concello de Lugo ou no teléfono: 982 297 497. Tamén a través do correo: ueducacion@concellodelugo.org ou na Páxina Web do Concello de Lugo.



XXIV CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS **TRAPERO PARDO**

Co obxecto de contribuír a fomentar a creatividade literaria entre as rapazas e os rapaces lucenses, o Concello de Lugo, convoca o “24º CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO” conforme as seguintes

BASES

1º PARTICIPANTES. Rapazas e rapaces de 12 a 18 anos de calquera centro educativo da provincia de Lugo de ensino non universitario.

2º PRESENTACIÓN: Os contos deberán ser traballos inéditos, escritos en lingua galega. O tema será libre e a extensión non pode ser superior a dez páxinas. Presentaranse por triplicado, escritos por unha soa cara, a máquina ou a man, con letra lexible. Os traballos enviaranse sen remite, e baixo lema, indicando no sobre “24º CERTAME DE CONTOS E RELATOS CURTOS TRAPERO PARDO” e a categoría na que participa (de 12 a 14 anos ou de 15 a 18 anos). Nun sobre, pechado e baixo o mesmo lema, indícarase o nome, enderezo, idade, teléfono e centro onde estuda.

3º NÚMERO DE TRABALLOS: Cada participante poderá presentar un máximo de tres, dos que só un poderá ser premiado.

4º PRAZO DE PRESENTACIÓN: Os contos serán enviados á Área de Educación. Centro de Convivencia Uxío Novoneyra 3º andar. Rúa Quiroga Ballesteros, nº 1 – 27001 Lugo, ou envialos ao Rexistro Xeral do Concello sita no Edificio Administrativo na Ronda da Muralla número 197- 27001 Lugo, ou ben utilizando os medios establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A data límite de presentación dos traballos será o día 20 de novembro de 2018.

5º PREMIOS: Establécense as seguintes categorías e premios:

CATEGORÍA DE 12 A 14 ANOS

- 1º Diploma, lote de libros e premio valorado en 200 €.
- 2º Diploma, lote de libros e premio valorado en 100 €.
- 3º Diploma, lote de libros e premio valorado en 70 €.

CATEGORÍA DE 15 A 18 ANOS

- 1º Diploma, lote de libros, e premio valorado en 250 €.
- 2º Diploma, lote de libros, e premio valorado en 130 €.
- 3º Diploma, lote de libros, e premio valorado en 100 €.

Se ademais dos traballos premiados, houbera a xuízo do xurado, outros merecedores dun recoñecemento, poderán outorgarse unha ou varias mencións honoríficas.

No caso de que a xuízo do xurado, os traballos non tivesen a suficiente calidade, comtemplase a posibilidade de deixar un ou varios premios desertos.

6º XURADO: O Xurado estará integrado por diversas persoas que desenvolven o seu labor no campo da cultura e a educación.